



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

TAXA POLO SERVIZO MUNICIPAL DE REDE DE SUMIDOIROS

Artigo 1.- Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 da Lei 39/88 do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a "Taxa por rede de sumidoiros", que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, as normas da cal atenden ao previsto no artigo 58 da citada Lei 39/88.

Artigo 2.- Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da Taxa:
 - a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida á rede de rede de sumidoiros municipal
 - b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiros municipal e o seu tratamento para depuralas
2. Non estarán suxeitas á taxa os terreos derruídos, declarados ruinosos ou que teñan a condición de soar ou terreo

Artigo 3.- Suxeito pasivo

1. Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que sexan:
 - a) Cando se trata da concesión da licenza da acometida á rede, propietario, usufructuario ou titular do dominio útil do terreo
 - b) No caso de prestación de servizos de nº1/b do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios dos terreos do termo municipal beneficiarios dos devanditos servizos, calquera que sexa o título: propietario ou usufructuario, arrendatario, habitacionista ou mesmo precario
2. En todo caso terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario da vivenda ou local, o propietario dos inmobles, quen poderá repercutir, se é o caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

Artigo 4.- Responsables

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios, os administradores das sociedades e síndicos, interventores ou liquidadores de quebra, concursos, sociedades e



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

entidades en xeral, nos supostos eco alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.- Cota tributaria

- a) A cota tributaria, correspondente á concesión da licenza ou autorización de acometida á rede de sumidoiros, determinarase de acordo co seguinte cadro de tarifas:
 - Por vivendas: 9,02€
 - Por baixos comerciais: 18,03€
- b) A cota tributaria esixida pola prestación do servizo será unha cantidade única de 7,21 €

Artigo 6.- Exencións e bonificacións

Non se concederá exención nin bonificación ningunha na exacción da presente Taxa.

Artigo 7.- Remuneración

Devengarase a Taxa e nace a obriga de contribuír cando inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible, entendéndose iniciada a mesma:

- a) Na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente
- b) Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiros municipal. A remuneración por esta modalidade de Taxa, producirase con independencia de que se obtivera ou non a licenza de acometida e sen prexuízo de iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización

Artigo 8.- Declaración, liquidación e ingreso

1. No suposto de licenza de acometida, o contribuínte formulará a oportuna solicitude e os servizos tributarios deste Concello, unha vez concedida aquela, practicarán a liquidación que proceda, que será notificada para o seu ingreso directo na forma e prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación
2. As cotas esixidas por esta taxa liquidaranse e recadarán unha vez ao ano
3. As altas e baixas no Padrón de suxeitos pasivos desta taxa, producirán efectos a partir do momento en que se faga unha nova liquidación do tributo



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Disposición final

Esta modificación entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor en tanto non se produza á súa modificación ou derogación expresa.

Foz, a 7 de febreiro de 1.996

Resol. Alcaldía de 05 de novembro de 2.001

O Alcalde

José María García Rivera

